

## PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL XERAL DO CONCELLO DE LAXE E DE RESPONSABILIDADE CIVIL DA ACTIVIDADE DA AGRUPACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL DE LAXE.

### 1.- OBXECTO

O presente Prego ten por obxecto:

- a contratación dun seguro que garanta as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil, segundo a normativa legal vixente, que durante a vixencia do seguro poida corresponder directa, solidaria/o ou subsidiariamente ao Asegurado, por danos e prexuízos corporais e/ou materiais e/ou consecuciais, causados por acción ou omisión a terceiros, no exercizo da súa actividade; quedando así mesmo garantida a Responsabilidade Civil do Asegurado polos danos causados no patrimonio de terceiros que non sexan consecuencia dun previo dano corporal e/ou material.

- a contratación dun seguro que garanta as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil da actividade da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, segundo a normativa legal vixente, que durante a vixencia do seguro poida corresponder directa, solidaria/o ou subsidiariamente ao Asegurado, por danos e prexuízos corporais e/ou materiais e/ou consecuciais, causados por acción ou omisión a terceiros, no exercizo da súa actividade ((promoción da prevención e autoprotección cidadán, así como a colaboración, auxilio e apoio dos servizos públicos de protección civil e, en todo caso, serán as indicadas no Plan de Emergencia Municipal (PEMU) e demais de protección civil do sistema autonómico, aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia); quedando así mesmo garantida a Responsabilidade Civil do Asegurado polos danos causados no patrimonio de terceiros que non sexan consecuencia dun previo dano corporal e/ou material.

### 2.- ORZAMENTO DO CONTRATO

O orzamento máximo do contrato é de 6.000,00 euros.

As compañías ou corredurías de seguros poderán presentar nas súas ofertas as melloras que consideren conveniente, ben de tipo económico ou sobre os tipos de cobertura e os importes máximos de franquías.

### 3.- CONTRATANTE/TOMADOR

Concello de Laxe.

### 4- ASEGURADO

- O Concello de Laxe, os seus representantes legais, os membros da Corporación, as persoas encargadas da dirección, os seus funcionarios, persoal laboral e dependentes en xeral no exercizo das súas funcións ou mentres ostenten esta condición.

- Os voluntarios da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Laxe.

### 5.- TERCEIROS

Terán a consideración de terceiros calquera persoa física ou xurídica distinta do contratante e o Asegurado así como o persoal laboral, funcionarios, dependentes en xeral e concelleiros. E polo que respecta á cobertura de RC patrol, o persoal laboral, funcionario e dependentes en xeral.

No caso da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil os asegurados terán a condición de terceiros entre si a efectos de danos corporais.

#### 6.- SINISTRO

Todo feito que producise un dano durante a vixencia do contrato do que poida resultar civilmente responsable o Asegurado e que estea garantido por este contrato.

Considerarase que constitúe un só e único sinistro o acontecemento ou serie de acontecementos danosos debidos a unha mesma causa orixinal, con independencia do número de reclamentes ou reclamacións formuladas.

#### 7.- DANO

Quedan incluídos neste concepto:

\*Os danos persoais, incluíndo a lesión corporal, enfermidade e morte.

\*Danos materiais.

#### 8.- RISCOS CUBERTOS

Con carácter xeral, todos os actos que sexan propios e específicos da actividade do Concello de Laxe e/ou da actividade da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, en particular, con carácter enunciativo e non limitativo:

1- Os danos causados a terceiros por incendio, explosión, fumes, augas, gases, olores, vapor ou afundimento do terreo.

2.- A propiedade, arrendamento ou usufruto de edificios, locais, terreos, estradas instalacións e demais bens do Concello de Laxe e/ou da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

3.- As actividades de carácter extraordinario realizadas tanto dentro coma fóra das súas instalacións (a título enunciativo: bailes, concertos, recitais, exposicións, excursións, campamentos, concentracións de motos ou vehículos excluindo competicións de vehículos a motor, conferencias e reunións en xeral, práctica de deportes, visitas culturais, e similares).

4.- A Responsabilidade Civil persoal dos membros da dirección do Concello de Laxe e dos representantes legais e dependentes en calidade de tales (persoal laboral, persoas encargadas da vixilancia, funcionarios, persoal técnico), o resto do persoal ao seu servizo por reclamacións derivadas de danos que poidan ocasionar no exercizo das súas funcións e os voluntarios da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Laxe.

5.- As instalacións de propaganda dentro e fóra dos recintos do Concello de Laxe.

6.- Os transformadores e liñas de alta e baixa tensión.

7.- Os servizos de vixilancia, tanto por medio de persoas, animais ou dispositivos mecánicos eléctricos ou electrónicos.

8.- Os depósitos e conducións de auga e gas e encoros.

9.- Os aparcadoiros que están dentro dos recintos propiedade do Concello de Laxe.

10.- Os servizos médicos e outras instalacións sociais, de recreo e deportivas.

11.- Como propietario de obras ou construtor por medio do seu persoal de inmobles, terreos ou outras edificacións de competencia municipal. Con relación aos traballos indicados o seguro cobre soamente a Responsabilidade Civil polos accidentes que

acontezan durante o período de construción das obras ou instalacións, excluíndose a Responsabilidade Civil de que trata o artigo 1591 do Código Civil.

12.- A responsabilidade civil subsidiaria de vehículos a motor utilizados ocasionalmente e respecto aos cales o Asegurado non teña a calidade de propietario.

Esta cobertura producirá os seus efectos en exceso do seguro de Subscrición Obrigatoria ou de calquera outro seguro que tivesen contratado os vehículos utilizados.

13.- A responsabilidade en que puidese incorrer o Asegurado a consecuencia de sinistros acontecidos no estranxeiro con motivo de viaxes ou de participación en Congresos Seminarios e reunións de natureza análoga.

14.- A organización de visitas culturais e excursións.

15.- A utilización de aparatos para facer deporte e exercizo con fins educativos, dentro ou fóra dos recintos do Concello de Laxe.

16.- A derivada do transporte de mercadorías e bens en xeral en medios terrestres, incluíndo operacións de carga e descarga. Inclúese a responsabilidade civil do Asegurado pola contratación de empresas transportistas para o transporte de bens propiedade ou baixo aluguer ou depósito de Asegurado.

17.- As derivadas dos danos causados a bens de terceiros que se encontren baixo o coidado, control ou custodia do Asegurado. Esta cobertura actuará en defecto ou en exceso de calquera póliza ou contrato válido e cobrable subscrita polo Asegurado.

18.- Os derivados de vehículos, máquinas, aparatos de elevación ou, non así como instalacións de carga e descarga.

19.- As derivadas da condición de Patrón do Asegurado fronte aos seus funcionarios dependentes e asalariados.

20.- Danos causados a bens propiedade do persoal, sempre que estivesen, situados dentro do recinto de traballo do Asegurado. Esta cobertura actuará en defecto ou en exceso de calquera outra póliza ou contrato válido e cobrable subscrita polo Asegurado.

21. As derivadas de actividades extraescolares.

22.- As derivadas da contaminación de augas, terras e aire, sempre que aquela sexa accidental, súbita e imprevista.

23.- Fronte a peóns ou tráfico cercado por causas que proveñan do recinto ou locais asegurados.

24.- Pola subministración de alimentos e bebidas, incluíndo a intoxicación.

25.- Perda ou extravío que poidan sufrir os expedientes ou documentos que se encontren en poder do Asegurado.

26.- Quedan expresamente asegurados os voluntarios aínda que non estean en nómina sen perder a condición de terceiros.

## 9.- FIANZAS E DEFENSA

Están incluídos así mesmo:

-A defensa do Asegurado polos avogados e procuradores designados ou autorizados polo Asegurador nos procesos criminais, civís ou contencioso-administrativos que se lle seguisen con ocasión do desenvolvemento das actividades descritas neste Prego, aínda despois de liquidadas as responsabilidades civís.

A constitución de fianzas que en causa criminal lle fosen esixidas para asegurar a súa liberdade provisional.

O pagamento dos gastos xudiciais.

## 10.- RISCOS EXCLUÍDOS

Todo o directamente relacionado co risco xenérico descrito como asegurado está cuberto, en tanto non estea especificamente excluído nos puntos que a continuación se relacionan:

- 1.- Por incumprimento total ou parcial da obriga principal dun contrato.
- 2.- Por incumprimento total ou parcial de pactos que vaian máis alá do alcance da responsabilidade legal do Asegurado.
- 3.- Polo uso de vehículos aéreos.
- 4.- Por danos ocasionados directa ou indirectamente por reacción nuclear, radiación nuclear ou contaminación radiactiva.
- 5.- Danos ocasionados dolosa ou voluntariamente.
- 6.- Pola non observación de disposicións legais e da autoridade ou de instrucións e estipulacións contractuais, a non ser que nin o Asegurado nin persoa con funcións directivas actuasen dolosamente, nin permitisen unha actuación dolosa dos demais empregados.
- 7.- O pagamento de sancións e multas.
- 8.- Danos por feitos de guerra civil ou internacional, motín ou tumulto popular, terrorismo, terremoto ou inundacións e outros eventos extraordinarios.
- 9.- Danos punitivos e exemplares.
- 10.- A responsabilidade de produtos.
- 11.- Infidelidade dos propios empregados do Asegurado.
- 12.- Transporte e entrega de materias perigosas.
- 13.- Almacenamento, transporte e utilización de explosivos.
- 14.- Danos por asbesto en estado natural ou os seus produtos, así como danos en relación con operacións e actividades que conteñan fibras de amianto.
- 15.- Danos xenéticos.
- 16.- No que se refire á Responsabilidade Civil Patroal:
  - a)-Danos non consecuencia de accidentes de traballo.
  - b)-Reclamacións por non pagamento de cotas, salarios, etc.
  - c)- Indemnizacións e gastos por enfermidade profesional.
- 17.- Danos ao medio derivados dun feito lento, paulatino e gradual.
- 18.- Estragos ocasionados por fenómenos naturais tales como tremores de terra, deslizamento ou corremento de terras, tempestades, furacáns, riadas.
- 19.- Incumprimento voluntario das normas de seguridade e hixiene no traballo.
- 20.- Por non dispoñer o Concello deste tipo de Centros: A propiedade, dirección ou asesoramento de centros sanitarios (hospitais, clínicas, balnearios).
- 21.- Por non posuír o Concello deste tipo de instalacións: propiedade ou explotación de parques zoolóxicos.
- 22.- Por non posuír o Concello deste tipo de instalacións: explotación de matadoiros municipais.
- 23.- Subministración de gas e electricidade, por non realizar o Concello deste tipo de subministracións.
- 24.- Responsabilidade civil que poidan incumbir aos pirotécnicos encargados de disparos de lumes artificiais.
- 25.- Reclamacións derivadas de danos ocasionados pola espoliación, uso ou mantemento de Centrais Nucleares (por non dispoñer o Concello delas).

- 26.- Danos pecuniarios puros que poidan sufrir terceiros cando non sexan consecuencia directa dun dano persoal ou material cuberto por este contrato.
- 27.- Reclamacións por danos producidos fóra da costa.
- 28.- Por non dispoñer o Concello: Propiedade: mantemento, explotación de autobuses, metros, ferrocarrís e explotacións portuarios.
- 29.- Reclamacións derivadas de diagnose da sida ou transmisión da sida ou axentes patóxenos deste, salvo que o adxudicatario o tivese ofertado como mellora.
- 30.- Reclamacións por danos e prexuízos causados por calquera artefacto, nave ou aeronave destinados á navegación ou sustentación acuática ou aérea.
- 31.- Actos administrativos normativos tanto xerais coma singulares.
- 32.- Responsabilidade de empresas ou persoas encargadas mediante contrato ou concesión do mantemento, conservación ou reparación de inmobles e instalacións municipais ou da explotación directa de bens ou servizos municipais ou municipalizados (retirada de lixos, postos en mercados, almacéns xerais establecementos similares).
- 33.- Demolicións, uso de explosivos, apuntalamentos e recalzos, traballos baixo a auga ou subterráneos, aeroportos e traballos de reparación ou reforma afectando a elementos estruturais de carga.
- 34.- Danos causados a obras, edificios e/ou instalacións, ben sexan estes preexistentes ou non sexan obxecto dos traballos do asegurado.
- 35.- Igualmente quedarán excluídos os danos aos aparatos, equipos e materiais utilizados nas devanditas obras, edificios e/ou instalacións.
- 36.- Queda excluída a Responsabilidade Civil Decenal.

11.- **ÁMBITO XEOGRÁFICO.**  
España e as 24 horas do día.

12 - **ÁMBITO TEMPORAL.**  
Os danos acontecidos durante a vixencia do contrato e as reclamacións efectuadas durante os 2 anos seguintes ao vencemento do mesmo.

13.- **CLAUSULA DE REVISIÓN DE PREZOS.**  
Unicamente se aplicará a actualización anual de prezos a que se refire a cláusula 18, de conformidade co art.º 78.3 da LCSP.

14.- **CLAUSULA DE SINISTRALIDADE.**  
Ao fin de cada anualidade de cada período, estudarase a sinistralidade e como prima de renovación a consecuencia de aplicar a seguinte porcentaxe:  
Sinistralidade superior ao 70% incremento do 2% nas primas de renovación por cada punto superior de sinistralidade cun máximo do 15%.  
Entendéndose por sinistralidade o resultante de sumar pagamentos e reservas dos sinistros acontecidos ata 30 días antes da data de renovación, dividido polo importe das primas netas percibidas a esa data.

15.- **CAPITAL ASEGURADO**  
1.000.000,00 euros por sinistro

#### 16.- FRANQUÍA

As compañías e/ou corredurías de seguros presentarán nas súas ofertas o prezo ofertado sen e con franquía de 300,00 euros e con franquía de 3.000,00 euros.

#### 17.- PAGAMENTO DE INDEMNIZACIÓN

O Concello ou a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, no seu caso, comunicarán o sinistro, dentro do prazo de 60 días hábiles a contar dende o seu coñecemento fidedigno.

Se o asegurador incorrer en amora no cumprimento da prestación dentro do prazo legalmente previsto deberá pagar un xuro anual igual ao xuro legal do diñeiro vixente no momento en que se perciban, incrementado no 50%: estes intereses considéranse producidos por días sen necesidade de reclamación xudicial.

Non obstante, transcorridos 2 anos dende a produción do sinistro, o xuro anual non poderá ser inferior ao 20% (artigo 20, Lei 50/80 coa súa nova redacción dada pola Disposición Adicional 6.a da Lei 30/95).

Baixo ningún concepto o adxudicatario aceptará transacción xudicial ou extraxudicial sen a previa autorización do Concello.

#### 18.- CLAUSULA DE RELACIÓN COAS CONDICIÓNS XERAIS.

Quedan nulas e sen valor nin efecto ningún, cantas estipulacións e cláusulas incluídas nas Condicións Xerais ou Particulares imprimidas de calquera Compañía Aseguradora que se presente ao procedemento aberto con multiplicidade de criterios, se opoñan ou contradigan a este Prego, ou que conteñan riscos excluídos que non figuren expresamente con este carácter neste Prego, salvo que unha norma estableza a súa exclusión con carácter obrigatorio. Non obstante, entenderanse incluídas automaticamente aquelas melloras que sexan máis beneficiosas para o asegurado.

En caso de contradición entre as devanditas condicións xerais ou particulares prevalecerá o presente Prego.

#### 19.- DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será dende as cero horas do día 1 de xaneiro 2010 ata as vinte e catro horas do 31 de decembro de 2011.

O devandito prazo poderá prorrogarse por outros dous anos máis. Requirirá resolución expresa, para cada ano, previa a súa fiscalización e aprobación pola xunta de goberno local.

No caso de que a Administración non adxudicase un novo contrato nun proceso licitatorio o contrato continuarase prestando ata que se produza a nova adxudicación, para os efectos de non prexudicar o normal funcionamento dos servizos públicos e ata un máximo de 3 meses máis.

Transcorrido o primeiro ano, o importe da prima neta será revisado na súa contía de conformidade co establecido na cláusula de revisión de prezos (cláusula 12) e de sinestralidade (cláusula 13) do presente prego.

## 20- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

20.1-Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade para obrar non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias que se enumeran nos artigos 43 e 49 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

20.2.- Unións de Empresarios: Se varios empresarios acoden á licitación como unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, acompañando todos os documentos a que se refire a cláusula 9 do presente prego, indicando a porcentaxe de cada un deles, así como a designación dun representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción deste, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobramentos e pagamentos de contías significativas.

Para a presentación de ofertas por parte da unión de empresarios non se esixe a formalización da unión en escritura pública. Non obstante no caso de resultar adjudicataria, deberá presentar a escritura pública na representación que ostente a citada empresa para a formalización do oportuno documento administrativo.

## 21. ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE.

21.1.a) Contrato non suxeito a regulación harmonizada: O procedemento de contratación a que se refire o presente Prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (art.º 126 e 42 da LCSP).

21.1.b) Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección, [www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com), as características do contrato, e de conformidade co disposto nos art.º 42, 37, 125, 126, 135, 138, 175, 176, 181 e 309 da LCSP.

## 22. PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo dos 15 días naturais a contar do día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP que tamén se publicará no perfil de contratante (art.º 143.2 LCSP), en horas de nove a trece e en tres sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos nas cláusulas 19 e 22.

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do último anuncio.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante Telex, Fax (981728025) ou Telegrama (Rexistro Xeral do Concello; Avda. Cesáreo Pondal, 26 -15117, Laxe - (A Coruña) no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será

admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de Plicas e a adxudicación do contrato.

A presentación das proposicións presume a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas sen salvedade ningunha.

Cada compañía e/ou correduría de seguros non poderá presentar máis de dúas ofertas.

### 23- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES.

Presentarase en 3 sobres pechados:

Sobre A. conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: Fotocopia do N.I.F., Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: Escritura de Constitución ou Modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Licchtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición Adicional 17 LCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.



Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas Empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art.º 130.1.d da LCSP).

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

De acordo co art.º 44.2 do LCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañar poder notarial para representar a Persoa ou Entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a devandita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

D) Verificación de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a Empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 130 e 49 do LCSP, axustado ao seguinte modelo:

D.

con DNI

e domicilio en

provincia de

rúa nº

en nome propio ou en representación da empresa

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de (-Título: ...)

declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art.º 49 e 130. Le) da LCSP.

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Lugar, data e firma do proponente)

F) Acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica ou profesional.

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art.º 64 da LCSP e a solvencia técnica por calquera dos medios do art.º 67 da LCSP.

D.  
Con DNI

G) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 48 da LCSP e cláusula 7 do presente Prego.

H) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art.º 129 da LCSP, se presentará necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

I) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que se encontren inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os extremos a que se refire o art.º 303 da LCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os documentos referenciados nos apartados: A), B), C), D), E) e sempre que os citados documentos estean vixentes, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios co fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia destes.

Axustarase ao seguinte modelo:

D.  
con residencia  
provincia de  
rúa n°  
segundo D.N.I. N°  
en nome propio ou da empresa  
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de  
execución da obra:  
- Título:

Autoriza á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e a Lei do Imposto de Sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o considere oportuno.

(Lugar, data e firma do proponente)

K) índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

Sobre B.- "Referencias Técnicas".

No anverso do sobre figurará a mención: "referencias técnicas para a contratación de " presentada por (nome ou denominación social, domicilio e teléfono e fax) ".

Conterá a seguinte documentación:

Proposta de melloras que no seu caso se oferten:

Entre outros valoraranse como melloras: A redución de franquías, a ampliación de coberturas a través dos riscos incluídos e excluídos da póliza, melloras en canto á prestación de asistencia á defensa dos intereses do asegurado (elaboración informes periciais, etc).

É condición imprescindible para valorar as melloras que estas se presenten dun xeito conciso e claro, resumidas por puntos e redactadas de modo que non dean lugar a confusión, especificando a cláusula ou cláusulas específicas do Prego que serán obxecto de mellora.

Non se valorarán as ofertas dos licitadores que incumpran as condicións anteriormente indicadas.

Xustificación, se é o caso, de que a empresa conta no seu equipo cun número de traballadores minusválidos non inferior ao 2%.

Todos os datos que se achegan deberán estar debidamente xustificadas. O Concello non valorará aqueles que non se acrediten documentalmente.

Sobre C: Subtitulado "Oferta Económica"

No anverso do sobre figurará a mención: "oferta económica para a contratación mediante procedemento negociado con publicidade de "Responsabilidade Civil Xeral do Concello de Laxe e de responsabilidade civil da actividade da Agrupación de Protección Civil de Laxe " presentada por (nome ou denominación social, domicilio, teléfono e fax)".

Conterá a proposición económica axustada ao seguinte modelo:

Don....., con domicilio en Rúa..... n°..... Código Postal....., con

D.N.I. n°....., n°. de telefono....., actuando en nome propio (ou en representación de ..... con domicilio na rúa..... n° Código Postal.... teléfono .....), toma parte no procedemento aberto con MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS de valoración convocado polo Concello de Laxe e publicado en data do concurso de "Seguro Responsabilidade Civil Xeral do Concello de Laxe e de responsabilidade civil da actividade da Agrupación de Protección Civil de Laxe" e fai constar que coñece e acepta o Prego de Cláusulas Administrativas e que se compromete a executar o contrato con sujeción ás referidas cláusulas no seguinte prezo:: (Tributos incluídos).

Período 1 de xaneiro de 2010 a 31 de decembro 2011: ...euros.

Anualidade 2010: ... Euros.

Anualidade 2011: ... Euros.

Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato.

Que acompaña a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

En.....a..... de.... ....200..

O LICITADOR (asinado e rubricado)

#### 24.- DOCUMENTOS: ORIXINAIS E COPIAS.

Os documentos que se acompañan ás proposicións serán orixinais, non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

#### 25.- GARANTÍA PROVISIONAL.

En consonancia co disposto no art.º 91 da LCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

#### 26.- IDIOMA

Todos os documentos presentados polos licitadores en idiomas distintos do castelán ou do galego, deberán ir acompañados da correspondente tradución a calquera destes idiomas. De non o facer así, teranse como non postos. Consideraranse documentos insubsanables e non poderán ser obxecto de valoración.

#### 27. APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións subsandables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), se estará ao disposto nos art.º 144 de LCSP.

##### 27.1 Apertura e valoración das ofertas.

Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas

###### 1a Fase:

Valoración dos criterios de valoración do procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración agás o factor prezo.

Establécese unha puntuación mínima nesta fase de 10 puntos. As empresas que non alcancen a devandita puntuación mínima non continuarán no proceso selectivo e en consecuencia non se abrirán os sobres de OFERTA ECONÓMICA destas, quedando polo tanto excluídas da licitación.

###### 2a Fase: Valoración das ofertas económicas.

Procedemento:

Aos efectos previstos na primeira fase, polo Comité de Expertos ou Organismo Técnico Especializado (cuxa composición se designará polo órgano de contratación por proposta da Mesa de Contratación), emitirase informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios (agás o factor prezo) á vista da documentación incluída polos licitadores no sobre B: 'Referencias técnicas'.

Aos efectos previstos na segunda fase, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura das ofertas económicas. Terá lugar no sitio e día que se sinala no taboleiro de anuncios de contratación da Corporación ou perfil de contratante.

O Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición invitarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento se poida facer a Mesa de Contratación cargo de documentos que non tivesen sido entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

#### 27.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada.

27.2.1.- A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente Prego.

##### 27.2.2.Criterios de valoración:

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son:

##### FASE A: CRITERIOS DE PUNTACIÓN

Proposta de melloras: (ata 40 puntos). Teranse en conta como melloras:

A redución de franquías, a ampliación de coberturas a través dos riscos incluídos e excluídos da póliza, melloras en canto á prestación de asistencia á defensa dos intereses do asegurado (elaboración informes periciais, etc).

##### FASE B:OFERTA ECONÓMICA

Ata 60 puntos.

Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta a mellor oferta económica, as mellores condicións de indemnizacións de cobertura, a menor franquía ofertada en relación co importe da prima da póliza.

##### 27.2.3.- Criterios de desempate.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu equipo maior número de traballadores minusválidos (non inferior ao 2%).

### 27.3 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a xeito de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación provisional ou definitiva, d) antes da formalización do contrato, e) o inicio e execución dos servizos, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas na LCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e prexuízos.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante, o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a Administración non acordase a adxudicación provisional no prazo de 3 meses, a contar dende a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art.º 145.4 do LCSP.

## 28. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA.

### A) ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

A adxudicación provisional acordarase pola xunta de goberno local e notificarase aos licitadores e se publicará no perfil de contratante do órgano de contratación, e se os interesados o solicitan se lles facilitará información, nun prazo de cinco días hábiles, dos motivos do rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

### B) ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique no perfil de contratante do órgano de contratación. Durante este prazo, o adxudicatario provisional deberá:

a) Presentar a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluída o imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art.º 84 da LCSP.

A Administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades que se encontren en situación de amora fronte á Administración contratante como consecuencia do non pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores

avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no suposto de que o aval ou seguro for rexeitado pola Administración.

## 29. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo dos dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

As melloras ofertadas polo adxudicatario e aceptadas pola Administración formarán parte do contrato como condicións particulares. En todo caso, interpretaranse como condición máis beneficiosa para a Administración, e prevalecendo en caso de contradición o presente Prego.

## 30.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

A mesa de contratación formulará a súa proposta de adxudicación. Mediante Resolución da Alcaldía a mesa de contratación poderá contar co apoio de asesores técnicos nesta materia.

## 31.- CUMPRIMENTO DE PRAZOS.

O adxudicatario deberá cumprir os prazos totais e parciais sinalados no presente Prego.

## 32. GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

O adxudicatario virá obrigado a pagar os gastos de publicación de anuncios en Diarios Oficiais, así como nun diario de prensa (por unha soa vez), de igual modo deberá aboar os tributos que pesen sobre o contrato ou no seu caso sobre o obxecto do contrato.

## 33. DEREITOS DO ADXUDICATARIO

33.1.- Dereito ao aboamento do servizo que realmente realice conforme ás cláusulas do presente Prego, e de conformidade co programa de traballo previsto. O devandito aboamento deberá efectuarse dentro do prazo máximo de 60 días a contar dende a expedición da certificación e rexistro da correspondente factura. A realización do servizo por importe superior ao previsto, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no Presuposto a dotación necesaria para facer fronte a este.

33.2.- Se a Administración demorase o pagamento do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo de 60 días a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os xuros de demora e á indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as Medidas de Loita Contra a Morosidade nas Operacións Comerciais e art.º 200.4 da LCSP.

Se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se tivera presentado no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no Rexistro Xeral.

33.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicar a Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

33.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da Administración fose superior a oito meses.

33.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 201 da LCSP e nas condicións sinaladas no presente prego.

#### 34. PAGAMENTOS.

O pagamento da prima realizarase unha vez asinado o contrato, dentro do prazo máximo de 60 días contados a partir do día seguinte ao da presentación polo Asegurador do recibo correspondente no Rexistro da Concello. En caso de prórroga todos os pagamentos se efectuarán dentro do primeiro trimestre de cada ano, logo de presentación do recibo no mes de xaneiro.

Requirirá informes favorables da Intervención.

A falta de pagamento da prima en tempo e forma por parte do Concello non suspenderá en ningún caso as garantías do contrato, sen prexuízo do pagamento de xuros que corresponda con arranxo o disposto na LCSP.

#### 35. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Unha vez perfeccionado o contrato o órgano de contratación só poderá introducir modificacións neste por razóns de interese público e de acordo co disposto no art.º 202 da LCSP., debendo formalizarse en documento administrativo as devanditas modificacións conforme ao establecido no art.º 140 da LCSP.

#### 36. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía do contrato será de 3 meses. E se durante o devandito prazo se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos servizos prestados, terá dereito a Administración a reclamar do contratista a emenda ou rectificación que corresponda.

Así mesmo nestes supostos a Administración poderá rexeitar os servizos prestados quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Rematado o prazo de garantía sen que a Administración formulase algún dos reparos ou a denuncia a que se refire o art.º 283 da LCSP, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

#### 37. CONDICIÓNES ESPECIFICAS DAS PRESTACIÓNS

##### A. CONFIDENCIALIDADE E SEGREDO PROFESIONAL

Toda a información facilitada pola Administración ou a obtida polo adxudicatario en relación co presente contrato terá carácter confidencial, debendo gardar o adxudicatario o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a Administración o autorice expresamente e para supostos concretos e determinados.

##### B. PROTECCIÓN DE DATOS

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade a esta, a normativa sobre protección de



datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción cometida en relación con esto.

#### C. DEREITO DE PROPIEDAD

O Concello terá o dereito de propiedade de todos os estudos, documentos, traballos ou prestacións realizados con motivo do presente contrato, podendo dispoñer en consecuencia destes para calquera fin ou actividade de interese municipal que considere oportuno.

#### 38. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as previstas nos artigos 206, 207 e 284 do LCSP, cos efectos previstos nos artigos 208 e 285.

#### 39. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

Compete ao órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convindo, modificar as prestacións por conveniencia do Servizo e de suspender a súa execución por causa de utilidade pública, indemnizando, se é o caso, os posibles danos e prexuízos ocasionados nos termos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público.

#### 40. RÉXIME XURÍDICO.

O presente contrato ten carácter privado, rexéndose en primeiro lugar polo presente Prego e en todo o non previsto neste:

- A) En canto á súa preparación e adxudicación, pola Lei de Contratos do Sector Público.
- B) En cando aos seus efectos e extinción polo dereito privado.

As cuestións litixiosas derivadas do presente contrato será competencia da Orde Xurisdicional Civil, someténdose as partes contratantes ao foro dos Xulgados e Tribunais de Carballo. Non obstante consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, de acordo coa normativa reguladora da devandita xurisdición.

Laxe, a 1 de setembro de 2009

O alcalde

Antonio Carracedo Sacedón